

## NOTA INFORMATIVA AXENDA

### Xoves 22

#### **10.30 h.**

Na Casa do Concello o Alcalde de Santiago de Compostela, Xosé A. Sánchez Bugallo, presidirá o Consello de administración da sociedade municipal INCOLSA (Información e Comunicación Local S.A.).

#### **10.30 h.**

**-Visita didáctica** ao Servizo Municipal de Extinción de Incendios e Salvamento. Participarán escolares de educación infantil do CEIP Os Tilos.

#### **12.00 h.**

Nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes, en San Lázaro, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Deportes, Manuel Portas, para presentar o Campionato Galego G2 de Natación de Verán. No acto estarán tamén Eduardo Neira, presidente do Club Natación Santiago, e Carlos Touriño, presidente da Federación Galega de Natación.

#### **12.30 h.**

No Salón Verde da Casa do Concello, o concelleiro de cultura Néstor Rego e o cineasta Pela del Álamo, presentan en **ROLDA DE PRENSA** o documental *A cuarta pista*, que Del Álamo dirixe e que se proxecta no Teatro Principal o venres 23, ás 20.30 horas. Á rolda tamén asisitirá algún dos membros de Pista Catro, protagonistas do documental.

#### **13.00 h.**

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do voceiro do Grupo municipal Popular, Ricardo García Borregón, para analizar asuntos da actualidade municipal.

#### **13.00 h.**

O concelleiro de cultura, Néstor Rego asiste á presentación da exposición *Dons da Intemperie. Poéticas (obxectuais)* na Fundación Granell.

#### **13.30 h.**

O concelleiro de Cultura, Néstor Rego, asiste á presentación de *En Pé de Pedra* na Sala Galán.

#### **18.00 h.**

##### **Música**

No Teatro Principal, concerto de novos intérpretes da Escola de estudos musicais Allegro.

#### **19.30 h.**

##### **Poeta en Compostela**

No Casino de Santiago, presentación do libro de Marilar Aleixandre *Abecedario das árbores*. Á presentación asistirán, ademais da autora o concelleiro de cultura, Néstor Rego, a prologuista do libro, Mónica Góñez, o escritor Carlos Negro e Antía Otero, en representación da AELG. Con este número, o 20 da colección, péchase o ciclo literario Poeta en Compostela.

**19.30 h.**

***Banda Municipal***

Na Rúa do Vilar, concerto da Banda Municipal de Música.

**20.30 h.**

***Teatro***

Na Sala Yago, Teatro do Noroeste, Cámara Negra Teatro e Noescafé Teatro presentan *A casa do pai* de Carlos Álvarez-Osorio, con Luma Gómez, Lola Correa e Carlos Álvarez-Osorio.

**21.00 h.**

***Música***

No Auditorio de Galicia, concerto de Berrogüeto, dentro da súa xira de presentación do disco *10.0* co que celebran o seu X Aniversario.

**21.30 h.**

***Clown***

Na Sala Nasa, os alumnos da Escola Santart presentan os seus traballos dentro das sesións "Os Novos".

**III Semana Cultural do Centro Sociocultural de A Trisca**

**11.00 h**

- Sesión de música e movemento no marco do taller de ximnasia terapéutica para maiores. Sala de talleres.

**18.30 h**

- Laboratorio de animación: Espazo onde se desenvolve a produción de clips de animación con plastilina e outros materiais. Experimentación cos procesos de bocetaxe, modelado, escenografía, fotografía, tratamento informático, montaxe e proxección. Salón de actos.

**23.00 h**

- Cine ao aire libre: "El Castillo ambulante" no parque público A Trisca.

**Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2006**